

RUTA CXXXII “FINIS TERRAE”
A fin do Mundo coñecido
Programa VENDE DE MARCHA 201
XVIII edición “Lugares misteriosos”.

DATA DE ACTIVIDADE: sábado, 24 de febreiro de 2018.

LUGAR: Fisterra e Costa da Morte (A Coruña).

DESTINATARIOS: veciños/as de Cambre en xeral, menores de 14 anos acompañados

SOLICITUDES: Do 5 ó 12 de febreiro. Nos rexistros municipais, en horario de mañá.

INSCRICIÓN: Presta moita atención a estas datas. Pregunta se tes dúbidas.
Exposición de listado das solicitudes admitidas o mércores 14 de febreiro;
sorteo das prazas: o xoves 15 de febreiro.
podes renunciar á tua praza ata o venres 16 de febreiro ás 14 horas.

PRAZAS RUTA: 50

PROGRAMA XERAL	DIA 24/02, SÁBADO
	Ruta ata cabo Fisterra
	Xantar e Tempo Libre
	Ruta do cabo á praia de Langosteira pola camiño de Santiago

DISTANCIA E DIFICULTADE DA RUTA: 16 km, arredor de 5h, de dificultade media-baixa

ITINERARIO: Duio – Monte Arnela – Cabo da nave – Monte Pión – praia mar de Fóra – A Insua – Monte Facho – Cabo e faro Fisterra – Fisterra – Praia de Langosteira

CAMIÑOS: camiños de terra, cantís, algo de asfalto.

FINIS TERRAE, A FIN DO MUNDO COÑECIDO: ¿Algunha vez pensaches cal sería o lugar máis coñecido de Galicia? Pero non me refiro a coñecido polos galegos, non. Refírome a que lugar de Galicia é o máis coñecido no mundo. A verdade é que non o sei, pero dende logo Fisterra ocuparía un lugar de privilexio nunha hipotética lista. Todas as nacións do mundo que teñen navegantes coñeceno. É como o número pi, as catro regras, os puntos cardinais; o cabo Fisterra é referencia mundial para a navegación. Tamén é a Fin do Mundo.... Quizais non poda existir un nome máis fermoso para un cabo; ou máis temible. Pensar que nunha época Fisterra foi a fin do mundo coñecido, que máis aló do que alcanzaba a vista non se sabía o que había (algúns falaban do inferno ou dunha ferverza sen fin, de monstruos ou da morada do Sol). Fisterra merecería unha enciclopedia enteira; naufraxios, lendas, ritos de fertilidade, mitos celtas, Cristos que veñen coa marea, ataques piratas, fin do camiño xacobeo, lexións romanas mirando ao sol, o Casón, o Ara Solis, San Guillerme...

A nosa ruta comeza en Duio, ao inicio desta lingua de terra (coñecida en tempos como o Promontorio Nerio) que se introduce no mar e remata no cabo Fisterra. Duio, segundo contan, tivo en tempos unha grande cidade, Dugium, capital da tribu celta dos Nerios. Unha enorme catástrofe rematou con ela, e so perdura no recordo dos historiadores. O noso primeiro obxectivo é o fermoso Cabo da Nave, cunha vistas de impresión. Dende aquí é posible observar o lugar onde o 5 de decembro de 1987 ocorreu unha desas historias coas que encher moitos ratos de cheminea; o Casón, un mercante de bandeira panameña e tripulación chinesa embarranca na costa, morre a tripulación e o buque comeza a estoupar. Descoñécese a carga e cunde o pánico. As autoridades

ordenan evacuar a zona e prodúcese o caos. Unha comarca enteira foi desprazada hacia A Coruña, Santiago e outras vilas nas que acoller aos fisterráns. Dende logo non foi o único naufraxio; o Captain (con máis de 500 mortos), o Turret, o Denwell, o Reim, o Sunrisse, o Bitten, o Lione, o Begoña, o Silva Golveira e moitísimos máis. Dalgúns deles, incluso, descoñécese o lugar do naufraxio; simplemente, desapareceron sen deixar máis rastro cunha chaqueta, un flotador ou un cacho de madeira. A ruta continua ata o faro e o cabo. Atención á emoción. Peregrinos de totalas crenzas, lexión romanas que tragaban saliva esperando un chasquido similar ao de meter o ferro ao roxo vivo en auga ao ver como o sol era devorado polo mar, o Blas de Lezo indo a pique entre o Centolo e o cabo, os *perçebeiros*, os bravos mariñeiros desta Costa da Morte, as despedidas, que ao final son inevitables, uns marchan e outros veñen. Todo remata algún día. As cousas cambian aínda que o mito perdura. A Fin do Mundo ten unha data de caducidade, 1492. Nese ano o cabo deixa de ser a fin para se converter no inicio, nun extremo da ponte que unirá os dous continentes. Dende logo, Fisterra non podía faltar na nosa lista de LUGARES MISTERIOSOS.

LUGAR E HORA DE SAÍDA:(Servizo de recollida en autocar)

Temple (Casa Xuventude)	08:15
Colexio Portofaro	08:20
Urb. A Barcala (Rotonda)	08:25
Cambre (diante Concello)	08:30
Pravio (cerca Cruceiro)	08:40
Cecebre (Apeadeiro)	08:45

LUGAR E HORA DE CHEGADA: Cambre. aprox. 2030 horas

Aviso: menores de 14 anos deberán acudir á actividade cun adulto (será responsable do menor)

EQUIPAMENTO RECOMENDADO. Podes pedir asesoramento na OMIX ou na Casa da Xuventude, pero polo menos pensa nunha vestimenta apropiada e **calzado adecuado**. A mochila non ten porque ser moi grande, pero dun tamaño que permita gardalo seguinte material:

RECOMENDACIONES SOBRE QUE LEVAR NA MOCHILA		
Lanterna e pilas de reposto	Navalla	Bolsa de plástico
Papel de K/normal/boli/lapiz	Gafas de sol / crema sol	Cordino de 3 a 6 mts
Comida e bebida (auga)	Teléfono	Reposto de roupa
Documentación persoal, cartos	Reflectante	Folleto/mapa da zona
Pequena toalla	Miniboutiquín con after bite	Chuvasqueiro

PREZO	Empadroado	Non empadroado
Xeral	12,00 euros	15,00 euros
Familia Numerosa	6,00 euros	-----
Pertenza a AAXX de Cambre		9,00 euros
Tarxetom (carné OMIX)		-----
Desempregado	8,40 euros	-----
Voluntariado Cambre		11,40 euros
Carné Xove	9,00 euros	12,00 euros

O PREZO INCLÚE: Transporte, seguro de accidentes, guiado das rutas,

INFORMACIÓN			Horario
OMIX (Oficina Municipal de Información Xuvenil) Rúa Wencesalo Fdez. Florez s/n CAMBRE (detrás do concello, ó lado da Policía Local)	Cambre 981.613.170	omix@cambre.org infoxuvenil@cambre.org	10 – 14 horas 18- 20 horas
CASA DA XUVENTUDE (Casa das Palmeiras) Rúa Tapia 1. O TEMPLE	O Temple 981.650.269	pixtemple@cambre.org	11 – 14 horas 17 – 20 horas
AS SOLICITUDES DEBEN ENTREGARSE NO REXISTRO MUNICIPAL (Cambre, O Temple, Barcala)			